

## **A CTNL reclama que se cubra a praza de técnico/a de normalización lingüística convocada polo Concello de Vimianzo e a estabilización do SNL**

**Tras máis de tres meses desde que finalizou o proceso selectivo e case cinco sen servizo de normalización lingüística (SNL), o Concello de Vimianzo aínda non cubriu a praza de técnico/a de normalización lingüística convocada en xaneiro. A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) solicitoulle que cubra a praza e que dea estabilidade ao servizo de normalización lingüística.**

[24 de maio de 2018]

Os concellos de Vimianzo e Zas levan varios anos compartindo un servizo de normalización lingüística inestable, que aparece uns meses ao ano e desaparece outros. Por mor diso, **a CTNL**, consciente de que esta situación de inestabilidade do servizo de normalización lingüística prexudica o traballo de promoción do uso e prestixio da lingua que lle compete ás administracións locais, **en xaneiro de 2016 [solicitou](#)**, entre outras cousas, **a estabilización do servizo**, cunha forma de contratación que permitise consolidar un departamento técnico necesario para planificar, xestionar, executar e avaliar a política lingüística municipal.

Con todo, a comezos do ano 2018 encontrámonos cunha situación semellante á xa vivida no 2016: o 31 de decembro de 2017 deixou de existir o servizo de normalización lingüística compartido por ambos os concellos e o 19 de xaneiro de 2018 o Concello de Vimianzo convocou un novo proceso selectivo que se desenvolveu ata a segunda metade do mes de febreiro. **Este proceso de escolla de aspirantes está acabado desde o 19 de febreiro de 2018 sen que se efectuase a contratación da persoa proposta polo tribunal**, cando xa hai tres meses desde que finalizou o proceso selectivo e cinco sen que o Concello de Vimianzo teña servizo de normalización lingüística.

Simultaneamente a este proceso selectivo tivo lugar un procedemento xudicial iniciado pola técnica responsable do servizo nos últimos anos, xuízo que se resolveu **co recoñecemento como improcedente do despedimento da traballadora o 31 de decembro de 2017**. Con todo, a entidade local, en lugar de readmitila e optar por unha forma de contratación que permitiría estabilizar o departamento técnico de normalización lingüística e dar un servizo de calidade á cidadanía, escolleu indemnizala economicamente a pesar de ser a candidata que obtivo maior puntuación no último proceso selectivo.

## **Declaracións do alcalde de Vimianzo, Manuel Antelo**

Ante esta situación, na edición de Carballo de *La Voz de Galicia* do 18 de maio de 2018, reproducense as valoracións do alcalde de Vimianzo tras a resolución do procedemento xudicial. Nelas Manuel Antelo **despreza a utilidade e necesidade dun departamento de normalización lingüística estable e permanente**, que permitiría dar un servizo de calidade, e condiciona a súa existencia ás axudas que recibe doutras administracións. Polo tanto, deixa en mans de terceiros a responsabilidade do propio concello en materia de normalización da lingua galega.

Por outra parte, **suxire precarizar aínda máis o servizo de normalización lingüística** propondo rotar os/as traballadores/as que poidan traballar nel **co fin de evitar que lles sexan recoñecidos dereitos laborais**. Non propón esta forma de contratación porque beneficie o traballo de normalización da lingua galega, pois non favorece contar cada certo tempo cun traballador diferente que necesita un período de adaptación ao traballo municipal. Tampouco a propón porque sexa máis xusta e equitativa coas persoas candidatas ao posto de técnico/a de normalización lingüística, pois unha contratación nun período curto de tempo non é a mellor opción para afianzar a experiencia e mellorar no traballo. Polo contrario, propón esta forma de contratación para que os/as traballadores/as dun servizo non poidan exercer os seus dereitos laborais.

A CTNL considera **unha grande irresponsabilidade que un alcalde suxira estratexias para que un servizo público, neste caso o servizo de normalización lingüística, se desenvolva con menos eficacia e calidade** co obxectivo de coartar a reclamación dos dereitos laborais dos seus traballadores. Un responsable municipal que realmente estea interesado en exercer da mellor maneira posible a competencia de promoción do uso e do prestixio da lingua que lle corresponde á administración que dirixe **debería buscar a forma de ofrecer o mellor servizo posible** e non procurar mecanismos para precarizalo máis do que xa está.

A CTNL dirixiuse esta semana ao Concello de Vimianzo para solicitarlle, por unha parte, que se retome o servizo de normalización lingüística (SNL) coa contratación dun/dunha técnico/a de normalización lingüística de acordo co proceso selectivo resolto en febreiro de 2018. E, por outra parte, pediulle a consolidación do SNL tras funcionar durante máis de dez anos de forma inestable.

Os servizos de normalización lingüística son os departamentos técnicos dos concellos que teñen como finalidade impulsar o uso e o prestixio da nosa lingua en todos os seus ámbitos de influencia e, así, cumprir coa súa obriga legal e responsabilidade social de contribuír ao proceso de normalización lingüística. Daquela, unha entidade local que aspira a exercer as súas competencias en normalización lingüística da mellor forma posible debe dotarse dun

servizo de normalización lingüística estable e permanente para planificar, xestionar, executar e avaliar accións de normalización lingüística efectivas, colaborar de forma continuada con outras entidades co fin de favorecer o proceso de normalización lingüística e, en definitiva, desenvolver unha política lingüística máis eficaz desde a Administración local.